

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8957 *Real decreto lei 2/2016, do 30 de setembro, polo que se introducen medidas tributarias dirixidas á redución do déficit público.*

I

O cumprimento dos obxectivos comunitarios a nivel orzamentario e, en particular, entre eles, a redución do déficit público constitúen unha das principais metas que veñen fundamentando a adopción das decisións de política económica no noso país nos últimos anos.

No contexto actual, o dito cumprimento reviste aínda maior relevancia como consecuencia da adopción dun instrumento xurídico de obrigada observancia para o Reino de España como é a Decisión (UE) 2016/1222 do Consello, do 12 de xullo, pola que se establece que España non tomou medidas eficaces para seguir a Recomendación do 21 de xuño de 2013 do Consello.

En cumprimento dos anteriores instrumentos, procede a introdución de medidas extraordinarias que permitan alcanzar o obxectivo de déficit público fixado polas autoridades comunitarias.

Para isto resulta imprescindible conseguir un incremento dos ingresos correspondentes ao imposto sobre sociedades, esforzo recadatorio que se considera pertinente solicitar das grandes empresas, tendo en conta que estas posúen a capacidade contributiva necesaria para coaduxar ao sostemento das finanzas públicas.

Para tal fin, introdúcese neste real decreto lei modificacións no réxime legal dos pagamentos fraccionados do imposto sobre sociedades, que poderán ser obxecto de revisión no futuro, sobre a base da evolución dos ingresos do Estado. Estas modificacións permitirán achegar fondos de maneira inmediata ás arcas públicas, recadación adicional por cuxa efectividade velará a Administración tributaria, de conformidade co establecido na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, e no Regulamento xeral de recadación, aprobado mediante o Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

II

A inmediata redución do déficit público xustifica a adopción das medidas que incorpora este real decreto lei, concorrendo, deste modo, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española para a utilización da dita figura normativa, requisito imprescindible, como lembrou, por outra parte, a xurisprudencia constitucional.

A tramitación deste real decreto lei é efectuada por un Goberno en funcións, circunstancia que se axusta ao disposto polo artigo 21.3 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, precepto conforme ao cal «o Goberno en funcións facilitará o normal desenvolvemento do proceso de formación do novo Goberno e o traspaso de poderes a este e limitará a súa xestión ao despacho ordinario dos asuntos públicos, e absterase de adoptar, salvo casos de urxencia debidamente acreditados ou por razóns de interese xeral cuxa acreditación expresa así o xustifique, calquera outra medida», e ese suposto excepcional de urxencia é o que concorre nesta ocasión.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de setembro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificacións relativas ao imposto sobre sociedades.*

Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2016, engádesse unha disposición adicional décimo cuarta na Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Modificacións no réxime legal dos pagamentos fraccionados.*

1. Os contribuíntes cuxo importe neto da cifra de negocios nos 12 meses anteriores á data en que se inicie o período impositivo sexa ao menos 10 millóns de euros deberán ter en conta, en relación cos pagamentos fraccionados que se realicen na modalidade prevista no número 3 do artigo 40 desta lei, as seguintes especialidades:

a) A cantidade que deberán ingresar non poderá ser inferior, en ningún caso, ao 23 por cento do resultado positivo da conta de perdas e ganancias do exercicio dos 3, 9 ou 11 primeiros meses de cada ano natural ou, para contribuíntes cuxo período impositivo non coincida co ano natural, do exercicio transcorrido desde o inicio do período impositivo até o día anterior ao inicio de cada período de ingreso do pagamento fraccionado, determinado de acordo co Código de comercio e demais normativa contable de desenvolvemento, minorado exclusivamente nos pagamentos fraccionados realizados con anterioridade, correspondentes ao mesmo período impositivo. No caso de contribuíntes a que resulte de aplicación o tipo de gravame previsto no parágrafo primeiro do número 6 do artigo 29 desta lei, a porcentaxe establecida neste parágrafo será do 25 por cento.

Quedarán excluído do resultado positivo referido o importe deste que se corresponda con rendas derivadas de operacións de quitación ou espera consecuencia dun acordo de acredores do contribuínte, incluíndo no dito resultado aquela parte do seu importe que se integre na base imponible do período impositivo. Tamén quedarán excluído, para estes efectos, o importe do resultado positivo consecuencia de operacións de aumento de capital ou fondos propios por compensación de créditos que non se integre na base imponible por aplicación do número 2 do artigo 17 desta lei.

No caso de entidades parcialmente exentas ás cales resulte de aplicación o réxime fiscal especial establecido no capítulo XIV do título VII desta lei, tomarase como resultado positivo o correspondente exclusivamente a rendas non exentas. No caso de entidades ás cales resulte de aplicación a bonificación establecida no artigo 34 desta lei, tomarase como resultado positivo o correspondente exclusivamente a rendas non bonificadas.

O disposto nesta letra non resultará de aplicación ás entidades a que se refiren os números 3, 4 e 5 do artigo 29 desta lei nin ás referidas na Lei 11/2009, do 26 de outubro, pola que se regulan as sociedades anónimas cotizadas de investimento no mercado inmobiliario.

b) A porcentaxe a que se refire o último parágrafo do número 3 do artigo 40 desta lei será o resultado de multiplicar por dezanove vinteavos o tipo de gravame arredondado por exceso.

2. O previsto nesta disposición non resultará de aplicación aos pagamentos fraccionados cuxo prazo de declaración comezase antes da entrada en vigor do Real decreto lei 2/2016, do 30 de setembro.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de setembro de 2016.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY